

Produto Interior Bruto Municipal. Ano 2010

RESUMO DE RESULTADOS

O Instituto Galego de Estatística publica por primeira vez datos do Produto Interior Bruto por concello e comarca

O 45% do Produto Interior Bruto de Galicia concéntrase nos sete grandes concellos de Galicia

O PIB xerado no concello de Vigo supera a todo o da provincia de Lugo e o que se xerou no concello da Coruña supera a todo o rexistrado na provincia de Ourense.

Os concellos cun maior PIB por habitante de Galicia son San Cibrao das Viñas, Carballeda de Valdeorras e Muras

Esta estatística identifica e cuantifica os sectores económicos nos que as comarcas están especializadas en termos relativos con respecto a Galicia

O Instituto Galego de Estatística (IGE) publica por primeira vez datos do Produto Interior Bruto por concello para o ano 2010, ademais de información da estrutura produtiva das 53 comarcas e das catro provincias galegas cunha desagregación de 12 sectores produtivos. Trátase dunha información coherente co Sistema de Contas Económicas de Galicia que afonda na dimensión territorial do sistema, e que cobre así unha das eivas da información estatística de síntese, xa que proporciona variables macroeconómicas infrarrexionais.

Nesta operación estatística analízase a participación de cada concello na xeración de valor engadido en Galicia derivados dos procesos produtivos en cada concello, e complementa a visión que proporciona a Renda dos Fogares Municipal, estatística elaborada tamén polo IGE que se centra nos procesos de distribución primaria e secundaria da renda nos fogares galegos.

A descrición da estrutura produtiva das 53 comarcas galegas, permite coñecer cómo se distribúe o valor engadido dun sector no territorio e identificar e cuantificar os patróns de especialización sectorial de cada comarca.

DATOS POR CONCELLO

O 24,4% do Produto Interior Bruto de Galicia concéntrase nos concellos de Vigo e A Coruña

Vigo é o concello cun maior Produto Interior Bruto da nosa comunidade con 7.424 millóns de euros, polos 6.360 millóns de euros de A Coruña. Nos dous concellos xérase unha cuarta parte do valor engadido da nosa comunidade. De feito, o PIB xerado no concello de Vigo supera a todo o da provincia de Lugo e o que se xerou no concello de A Coruña supera a todo o rexistrado na provincia de Ourense.

Produto Interior Bruto. Principais concellos

Datos de PIB en millóns de euros

Concello	Produto Interior Bruto	Poboación
Vigo	7.424	289.590
A Coruña	6.360	241.534
Santiago de Compostela	3.738	94.591
Ourense	2.322	106.185
Lugo	2.224	96.301
Arteixo	1.971	30.662
Pontevedra	1.864	78.923
Ferrol	1.541	72.300
O Porriño	813	18.136
Narón	705	37.743

Fonte: IGE. *Produto Interior Bruto Municipal*

IGE. *Cifras poboacionais de referencia*

As sete grandes cidades achegan o 45% do PIB de Galicia e ocupan sete dos oito primeiros lugares. Só Arteixo, cun PIB de 1.971 millóns de euros aparece por diante dalgún dos sete grandes concellos de Galicia, pese a que a súa poboación supera lixeiramente os 30.000 habitantes.

Se utilizamos o indicador de PIB por habitante a situación muda. Nos primeiros postos aparecen concellos de poboación reducida, xa que de entre os dez concellos con maior PIB por habitante só tres deles superan os 10.000 habitantes (Arteixo, As Pontes e O Porriño), e con outras características que podemos resumir en tres tipos:

- Concellos que teñen un tecido industrial moi consolidado, están próximos a grandes núcleos e teñen acceso a vías de comunicación de alta capacidade: San Cibrao das Viñas, Rábade ou O Porriño, estarían neste grupo
- Concellos nos que se emprazou un grupo empresarial: caso de Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Cervo ou As Somozas
- Concellos nos que se xera un valor engadido moi elevado pola explotación dun recurso natural –a enerxía hidráulica ou eólica fundamentalmente- como ocorre nos casos de Carballeda de Valdeorras, Muras ou Manzaneda.

PIB por habitante. Principais concellos

Datos de PIB en euros


Concello	PIB por habitante	Poboación
San Cibrao das Viñas	102.664	4.484
Carballeda de Valdeorras	101.071	1.845
Muras	95.268	826
Cervo	71.088	4.578
Arteixo	64.282	30.662
Manzaneda	63.918	1.030
As Somozas	58.036	1.373
As Pontes de García Rodríguez	49.773	11.112
Rábade	48.124	1.739
O Porriño	44.836	18.136

Fonte: IGE. *Produto Interior Bruto Municipal*
IGE. *Cifras poboacionais de referencia*

O PIB por habitante é superior á media de Galicia en 44 concellos

En 44 concellos o PIB por habitante supera os 20.415 euros nos que se sitúa o PIB por habitante de Galicia. Trece son da provincia de A Coruña, catorce de Lugo, dez de Ourense e sete da provincia de Pontevedra. No seguinte mapa represéntase o PIB por habitante en Galicia, con respecto á media galega:

Índice do PIB por habitante (Galicia=100). Ano 2010



DATOS POR COMARCA

O PIB da comarca de A Coruña foi de 10.423 millóns de euros en 2010, isto é, nesta comarca xerouse o 18,4% da actividade produtiva de Galicia. Na comarca de Vigo o PIB ascendeu a 9.970 millóns de euros o que representa o 17,6% no total.

Seguen, en orden de magnitude, as comarcas de Santiago, Ourense, Ferrol, Lugo e Pontevedra. Estas sete comarcas achegan o 64,6% do PIB total de Galicia. Porén, ao igual que pasaba no caso dos concellos, se falamos de PIB por habitante a situación das comarcas é diferente:

Comarcas con maior e menor PIB por habitante

Datos de PIB en euros

Comarca	PIB por habitante	Comarca	PIB por habitante
Eume	29.738	Allariz-Maceda	12.692
A Mariña Occidental	29.680	Verín	12.586
Santiago	29.009	Os Ancares	12.555
A Coruña	26.619	Tabeirós-Terra de Montes	12.382
Terra de Trives	26.477	A Barcala	11.711
Vigo	23.850	O Condado	11.687
Ourense	23.612	Muros	11.390
Lugo	22.373	Terra de Celanova	11.179
Valdeorras	21.784	Baixa Limia	11.133
Chantada	21.188	A Paradanta	9.327

Fonte: IGE. *Produto Interior Bruto municipal*

A comarca do Eume presenta un Produto interior bruto por habitante de 29.738 euros, é dicir un 46% superior á media de Galicia. A comarca de Santiago e a Mariña Occidental superan os 29.000 euros por habitante.

Se falamos das comarcas con menor actividade por habitante temos que resaltar tres situadas no sur de Galicia: A Paradanta, a Baixa Limia e Terra de Celanova. A primeira delas non chega aos 10.000 euros por habitante.

Especialización produtiva por comarca

As estimacións publicadas polo IGE permiten construír uns índices de especialización relativa, que comparan a estrutura produtiva de cada comarca coa estrutura produtiva de Galicia, identificando aqueles sectores máis predominantes, en termos relativos, nas comarcas galegas¹. Dezanove comarcas teñen especialización produtiva no sector primario (agricultura, gandería, pesca e silvicultura) e once comarcas teñen especialización produtiva no sector enerxético (Eume, Noia, Ordes, Chantada, Quiroga, A Baixa Limia, O Ribeiro, Terra de Caldelas, Terra de Celanova, Terra de Trives e Viana), en moitos casos derivados da explotación de recursos hidráulicos ou eólicos.

¹ O índice calcúlase para cada comarca e sector como o cociente entre o peso do VEB do sector na comarca e o peso do VEB do sector na economía galega. En cada comarca defínese o sector de especialización como aquel que presenta o maior valor dos índices anteriores.

DATOS POR PROVINCIA

Nas provincias de A Coruña e Pontevedra xérase máis do 76% da produción final de Galicia

Por agregación dos datos municipais obtéñense datos provinciais. A provincia de A Coruña é a responsable do 44,2% da produción final e ten un PIB por habitante superior nun 7,5% á media de Galicia. A achega da provincia de Pontevedra supera os 18.400 millóns de euros, pero o PIB por habitante é inferior ao de Galicia. Ourense achega só o 11% da xeración de valor na nosa comunidade e é a provincia cun PIB por habitante inferior.

Datos provinciais

Provincia	Produto Interior Bruto (millóns de euros)	% no total	Produto Interior Bruto por habitante	Sobre a media galega
A Coruña	25.005	44,2%	21.952	107,5
Lugo	7.050	12,5%	20.127	98,6
Ourense	6.154	10,9%	18.600	91,1
Pontevedra	18.402	32,5%	19.315	94,6
Galicia	56.612	100,0%	20.415	100,0

Fonte: IGE. *Produto Interior Bruto Municipal*

Por grandes sectores económicos destaca o elevado peso do sector primario en Lugo no que o primario achega un 10,8% do PIB total, cifra que representa máis do dobre do peso do sector en Galicia. O sector industrial na provincia de Pontevedra e en Ourense presentan un peso superior á media da Comunidade, e na provincia de A Coruña destaca o sector servizos cunha contribución ao PIB provincial superior (2,3 puntos) á media galega.

Estrutura produtiva provincial

Datos en porcentaxes sobre o PIB provincial

Provincia	Primario	Industria	Construción	Servizos	Impostos netos
A Coruña	3,2	14,7	12,2	60,9	9,1
Lugo	10,8	15,4	11,8	52,9	9,1
Ourense	3,9	19,7	12,2	55,1	9,1
Pontevedra	2,7	18,6	10,9	58,8	9,1
Galicia	4,1	16,6	11,7	58,6	9,1

Fonte: IGE. *Produto Interior Bruto Municipal*

ANEXO
PIB e PIB por habitante e especialización produtiva relativa
PIB en millóns de euros / PIB por habitante en euros

Comarca	PIB	PIB por habitante	Sector no que está especializado (en termos comparativos á economía galega)
Provincia de A Coruña			
Arzúa	250	14.334	Primario
Barbanza	1.102	16.242	Industria agroalimentaria
A Barcala	133	11.711	Primario
Bergantiños	938	13.396	Primario
Betanzos	676	17.092	Madeira, papel e mobles
A Coruña	10.423	26.619	Resto da industria
Eume	782	29.738	Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos
Ferrol	2.980	18.535	Fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais
Fisterra	451	18.963	Metalurxia e produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria
Muros	166	11.390	Primario
Noia	455	12.857	Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos
Ordes	744	19.240	Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos
Ortega	195	13.563	Industrias extractivas e fabricación de outros produtos minerais non metálicos
Santiago	4.696	29.009	AAPP, Educación, Sanidade e outros servizos
O Sar	321	18.818	Madeira, papel e mobles
Terra de Melide	197	14.744	Primario
Terra de Soneira	257	12.928	Primario
Xallas	240	15.659	Primario
Provincia de Lugo			
Os Ancares	147	12.555	Primario
Chantada	310	21.188	Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos
A Fonsagrada	83	13.667	Primario
Lugo	2.666	22.373	Industria agroalimentaria
A Mariña Central	602	19.495	Primario
A Mariña Occidental	800	29.680	Metalurxia e produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria
A Mariña Oriental	288	16.763	Primario
Meira	110	19.157	Primario
Quiroga	111	17.996	Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos
Sarria	467	18.999	Industrias extractivas e fabricación de outros produtos minerais non metálicos
Terra Chá	825	18.672	Primario
Terra de Lemos	467	14.238	Primario
A Ulloa	175	17.007	Primario
Provincia de Ourense			
Allariz-Maceda	188	12.692	Primario
Baixa Limia	94	11.133	Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos
O Carballiño	410	14.024	Construcción
A Limia	319	13.835	Primario
Ourense	3.395	23.612	Resto da industria
O Ribeiro	242	13.371	Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos
Terra de Caldelas	57	15.653	Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos
Terra de Celanova	233	11.179	Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos
Terra de Trives	130	26.477	Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos

Valdeorras	608	21.784	Industrias extractivas e fabricación de outros produtos minerais non metálicos
Verín	360	12.586	Primario
Viana	119	15.696	Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos
Provincia de Pontevedra			
O Baixo Miño	656	12.851	Industrias extractivas e fabricación de outros produtos minerais non metálicos
Caldas	513	14.486	Industria agroalimentaria
O Condado	499	11.687	Industrias extractivas e fabricación de outros produtos minerais non metálicos
Deza	742	16.136	Primario
O Morrazo	1.081	12.989	Fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais
A Paradanta	156	9.327	Industria agroalimentaria
Pontevedra	2.463	20.452	Madeira, papel e mobles
O Salnés	1.973	17.772	Industria agroalimentaria
Tabeirós-Terra de Montes	349	12.382	Madeira, papel e mobles
Vigo	9970	23850	Fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais

Fonte: IGE. *Produto Interior Bruto Municipal*

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Síguenos en Twitter: https://twitter.com/IGE_Estatistica
 Síguenos en Facebook: <https://www.facebook.com/INSTITUTOGALEGOESTADISTICA?sk=wall>